



BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO E DOCENTE DO PROXECTO DE OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO DENOMINADO “ÁRTABROEMPRENDE IV”, PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE MIÑO, PONTEDEUME E CABANAS.

1.- Obxecto da convocatoria, normas xerais e principios de actuación.

O obradoiro dual de emprego “ÁRTABROEMPRENDE IV” configúranse como un programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaoto ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Este obradoiro está cofinanciado pola Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG núm. 46, do 08/03/2022 e promovido polos concellos de Miño, Pontedeume e Cabanas. Respéctanse polo tanto o establecido na Resolución de concesión da subvención, de data 29/07/2022 e con número de expediente 15/0014/2022, e as Instrucións de data 26/04/2022, sobre Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego, para a convocatoria 2022-23.

As especialidades a impartir son as seguintes:

AGAO0208: Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes (nivel 2), con 10 alumnos/as.

AGAR0309: Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (nivel 1), con 10 alumnos/as.

O obradoiro terá unha duración de 12 meses e formará a 20 alumnos/as traballadores/as coa seguinte distribución por concellos:

- Concello de Miño: 8 alumnos/as
- Concello de Pontedeume: 7 alumnos/as
- Concello de Cabanas: 5 alumnos/as

As actuacións a realizar neste obradoiro son as seguintes:

- 1.- A Fraga do Xarío cara o Camiño Inglés (Miño)
- 2.- Recuperación da plantación en Gallamonde (Miño)
- 3.- Espazo forestal en Gallamonde (Miño).
- 4.- Espazo forestal do Camiño Inglés en Costa Miño (Miño)
- 5.- Camiño forestal en Ponte do Porco (Miño).



- 6.- Camiño forestal en Santa Uxía (Miño)
- 7.- Camiño forestal en Ansimonde (Miño)
- 8.- Camiño forestal na Barrosa (Miño)
- 9.- Camiño forestal en Bra (Miño)
- 10.- Camiño a Vilar en os Chapizos (Pontedeume)
- 11.- Rúa A Calexa de Pontedeume
- 12.- Lavadoiro Chao Ombre (Pontedeume)
- 13.- Fonte pública en estación FFCC (Pontedeume)
- 14.- Ruta peonil a Breamo (Pontedeume)
- 15.- Ruta peonil ao castelo de Andrade (Pontedeume)
- 16.- Área recreativa ermida de Breamo (Pontedeume)
- 17.- Área recreativa castelo de Andrade (Pontedeume)
- 18.- Cemiterio de Breamo (Pontedeume)
- 19.- Parque urbanización Olmo (Pontedeume)
- 20.- Avda de Castelao (Pontedeume)
- 21.- Parcela depósitos Avda. Castelao (Pontedeume)
- 22.- Paseo e contorna da praia da Magdalena (Cabanas)
- 23.- Zona do pantalan do día oito, praias de fabal e río Eume (Cabanas)
- 24.- Escola laica (Cabanas)
- 25.- Parque municipal do Areal (Cabanas)
- 26.- Parque das Idades (Miño)
- 27.- Área de descanso do Camiño inglés en Costa Miño (Miño)
- 28.- Alcorques avdas principais de Costa Miño e rúas interiores (Miño)
- 29.- Contorna das pistas deportivas da Galea (Miño)
- 30.- Actualización dos axardinamentos da rúa Xarel (Miño)
- 31.- Parque Alcalde sarmiento (Pontedeume)
- 32.- Paseo marítimo (Pontedeume)
- 33.- Xardíns de Lombardero (Pontedeume)

Para a xestión e desenvolvemento do obradoiro contratarase ao seguinte persoal:

- Un/unha director/a (xornada completa)
- Un/unha monitor/a para a especialidade Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes (xornada completa)
- Un/unha monitor/a para a especialidade Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (xornada completa)
- Un/unha titor/a e mestre de ensino básico e formación empresarial (xornada completa)

A selección do persoal directivo e docente de apoio participante no proxecto que se vai a poñer en funcionamento será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

Nos criterios de selección de todo o persoal procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade destas.



O órgano de selección do proceso actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

Así mesmo, as ditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos nas correspondentes ordes de convocatoria e demais instrucións.

2.- Publicidade do proceso.

As presentes bases reguladoras do proceso de selección do persoal unha vez aprobadas pola entidade promotora expóñense ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Miño e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Miño (<https://sede.concellodemino.gal/opencms/gl/informacion/>), así como nos taboleiros e webs dos concellos de Pontedeume e Cabanas. Ademais, enviaranse á oficina de emprego e tamén serán remitidas á Xefatura Territorial correspondente.

Todas as fases do proceso se darán a coñecer no taboleiro de anuncios do Concello de Miño e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Miño (<https://sede.concellodemino.gal/opencms/gl/informacion/>), así como nos taboleiros e webs dos concellos de Pontedeume e Cabanas.

Publicarase un anuncio para a apertura do proceso no BOP e nun medio de comunicación seguindo as instrucións da Xunta de Galicia.

Rematado o procedemento de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á xefatura territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como, persoal directivo e docente de apoio.

Asemade, os obradoiros de emprego concedidos serán obxecto de difusión a través do Portal de Emprego de Galicia (emprego.xunta.gal).

3.- Requisitos comúns dos aspirantes.

Para tomar parte neste proceso selectivo todo aspirante deberán reunir os seguintes requisitos:

a) **Nacionalidade:** Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas ca nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por



España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.

b) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

c) Habilitación: Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para ao desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

d) Compatibilidade: Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

4.- Órgano de selección.

Como primeira medida para a xestión do obradoiro constituírse o órgano de selección.

Os seus membros serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número impar/par de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco/seis (un Presidente, tres/catro Vogais e un Secretario), debendo designarse o mesmo número de suplentes.

Todos os membros do órgano de selección que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto, agás o secretario no caso de Tribunais con catro vocais.



Os membros do órgano de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso na cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo e deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do órgano de selección o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

Segundo as circunstancias do proceso, cando por razóns técnicas ou doutra índole así o aconsellasen, o órgano de selección, por medio da presidencia, poderá dispor a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que limitarán a súa intervención á colaboración que, en función de súas especialidades técnicas, lles solicite o órgano de selección, polo que actuarán con voz pero sen voto.

Os membros do órgano de selección deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do mesmo cando concorran algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

As decisións do órgano de selección adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

O órgano de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

O órgano de selección a efectos da percepción de asistencias dos seus membros queda englobado na categoría primeira conforme á clasificación prevista no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. A Alcaldía-Presidencia fixará o número máximo de sesións que poidan devengarse sen prexuízo de que poidan ser ampliadas previa solicitude do Presidente do Tribunal en base a causas xustificadas.

5.- Listaxes de reserva.

Rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do/a candidato/a proposto/a para ocupar a praza obxecto



da convocatoria, segundo se indica nos respectivos apartados destas bases. No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co previsto nestas instrucións.

7.- Selección do persoal directivo e docente de apoio:

7.1.- Normas xerais:

- Convocatoria pública:

Para levar a cabo o procedemento de selección do persoal directivo e docente de apoio emprégase convocatoria pública que se anunciará segundo se indica no apartado 2.

- Presentación de instancias:

As persoas que desexen participar na presente convocatoria deberán presentar instancia dirixida ao Sr. Alcalde segundo o modelo que figura nas presentes bases (Anexo I).

O prazo de presentación de instancias será de tres (3) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

As instancias poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, na súa Sede Electrónica ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Se consonte a este precepto se presentara a instancia vía correo, deberá aparecer na devandita solicitude o selo da correspondente oficina de correos e comunicárselle simultaneamente ao concello a realización do envío ben por fax ou ben por correo electrónico (registro@concellodemino.gal) co fin de que, rematado o prazo de presentación de instancias, sen telas recibido, se pospoña a elaboración da relación de admitidos/as e excluídos/as provisional ata recibir a documentación remitida polo/a aspirante; noutro caso, só a data de inscrición da instancia no Rexistro Xeral do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente a seguinte documentación:

- a) Copia simple do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- b) Copia simple da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos específicos establecidos nestas bases.
- c) Copias simples dos documentos xustificativos dos méritos que aleguen os aspirantes acompañados dun impreso - resumo dos mesmos segundo modelo que figura nas presentes bases (**Anexo II**), **por cada posto ao que se opte**. Non serán tomados en consideración nin valorados aqueles méritos que non fosen alegados no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.



A non presentación do impreso - resumo dos méritos alegados xunto coa solicitude ou a presentación do mesmo sen cumprimentar ou incompleto se considerará renuncia á fase de concurso, ben sexa en todos os apartados ou ben nos que non consten datos.

d) No seu caso, copia simple do documento xustificativo de estar en posesión do nivel de coñecemento da lingua galega esixido.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo. Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, podendo unicamente solicitar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

- Admisión dos/las aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección e a hora e lugar para a súa constitución.



O órgano de selección elaborará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión ao proceso selectivo. Dita listaxe será aprobada por Resolución de Alcaldía e se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Miño (<https://sede.concellodemino.gal/opencms/gl/informacion/>) e no taboleiro de anuncios do Concello de Miño e nas webs e taboleiros dos concellos de Pontedeume e Cabanas e será determinante para os efectos de posibles reclamacións.

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de un (1) día hábil, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución no taboleiro de anuncios do concello de Miño, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Miño (<https://sede.concellodemino.gal/opencms/gl/informacion/>) e no taboleiro de anuncios do Concello de Miño e nas webs e taboleiros dos concellos de Pontedeume e Cabanas.

No caso de que se produza a admisión de todos os/as candidatos/as presentados/as, sen exclusións, poderase prescindir da aprobación e publicación das listaxes provisionais.

- Selección definitiva dos candidatos/as:

A selección do persoal directivo e docente de apoio será efectuada polo órgano de selección que aplicará o baremo de méritos establecido para cada posto no apartado de especificacións e no seu caso as probas de acreditación do coñecemento da lingua galega.

Os casos de empate resolveranse aplicando a seguinte orde de prelación:

- a) O maior tempo acreditado como desempleado.
- b) A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- c) A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- d) A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- e) A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- f) A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- g) A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- h) O de maior idade.

- Puntuacións finais. Contratación:

O órgano de selección procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento. As ditas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación pola entidade promotora.



Estas listaxes se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Miño (<https://sede.concellodemino.gal/opencms/gl/informacion/>) e no taboleiro de anuncios do Concello de Miño taboleiros e nas webs e taboleiros dos concellos de Pontedeume e Cabanas.

Os aspirantes disporán dun prazo de un (1) día hábil, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita listaxe no taboleiro de anuncios do Concello de Miño para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas en relación coa baremación.

Resoltas as posibles alegacións e emendas ou transcorrido o prazo sen terse presentado ningunha, o órgano de selección fará públicas no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica a **listaxe definitiva de aspirantes que tiveran superado o proceso sen obter praza coa puntuación obtida por orde de maior a menor xunto coa relación definitiva do/s aspirante/s aprobado/s** tamén pola orde da puntuación obtida. Así mesmo, esta relación de aprobado/s presentarase ao señor alcalde coa proposta para a súa contratación. O órgano de selección non poderá aprobar nin incluír na proposta de nomeamento un número superior de aspirantes ao de prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

Co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral, os/as aspirantes propostos/as, achegarán no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir da publicación da relación definitiva dos aspirantes aprobados no Taboleiro de anuncios do concello de Miño, a seguinte documentación:

a) Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

b) Declaración responsable de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Así mesmo, o/a aspirante proposto/a deberá someterse a un recoñecemento médico realizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, recoñecemento polo que se acreditará que non padece enfermidade ou defecto físico que, pola súa natureza e grado, imposibilite o desempeño das funcións propias da praza, salvo que no prazo de 3 días hábiles contados a partir da publicación da relación definitiva do/s aspirantes aprobado/s no Taboleiro de anuncios do concello



presente certificación médica ou informe de saúde actualizado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo ao que aspira expedido por facultativo competente.

Aportada a documentación esixida nesta base e acreditados a totalidade dos requisitos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación esixida nesta Base e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma e/ou do recoñecemento médico, dedúzase que carecen dalgún dos requisitos, non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

Unha vez seleccionados os candidatos dos postos de docentes das especialidades a impartir, a entidade promotora enviaralle os curriculums xustificados dos dous docentes a contratar, á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a súa validación. No caso que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade non valide aos docentes propostos, propoñerá a contratación da persoa que quedara en segundo lugar e así sucesivamente, no caso de non haber máis candidatos terase que realizar un novo proceso de selección

7.2.- Especificacións:

A.- Proceso selectivo dun/dunha director/a:

- Funcións do posto:

Encargarase da coordinación xeral do Obradoiro dual de Emprego “ÁRTABROEMPRENDE IV” e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Economía e Igualdade, entidades promotoras, empresariado e grupos de interese para o desenvolvemento das accións. Levará a cabo a xestión administrativa e económica do proxecto.

Así mesmo, coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do programa e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral, estará encargado do bo funcionamento do programa e de cumprir cos requirimentos da normativa que lle afecta. Concretamente, correspóndelle:

- Coordinación coa Comisión Mixta Intermunicipal para a execución do programa e tarefas de carácter administrativo.
- Coordinación co Concello de Miño en todo o relativo á xestión económica e administrativa do programa.
- Coordinación coa Consellería de Emprego e Igualdade en todo o relacionado coa execución do programa.
- Execución das tarefas de xestión económica e administrativa do programa e dos documentos e tramitacións asociadas.



- Seguimento e avaliación do programa.
- Elaboración, xunto co equipo docente, da proposta do plan de actuacións e o cronograma de execución.
- Presentación ante a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade e ante o Concello de Miño das memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria de execución das actuacións, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material e maquinaria.
- Preparación de toda a documentación necesaria para as labores de inspección e auditoría que se poidan realizar por parte das administracións públicas e acopio da documentación probatoria de haber cumprido con todos os requisitos da convocatoria, lexislación que lle afecta e instrucións recibidas.
- Coordinación da programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
- Supervisión da formación do alumnado-traballador e a labor educativa e laboral do persoal docente e elaboración de expedientes disciplinarios ou sancionadores, se fose o caso.
- Colaboración coas áreas de Orientación Laboral e/o Desenvolvemento Local das entidades promotoras para levar a cabo actividades relacionadas coa inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o programa.
- Control do cumprimento das obrigas de todo o persoal do programa, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo, en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
- Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio ao control directo do cumprimento de tales normas.
- Outras relacionadas co bo funcionamento do programa e coa consecución dos obxectivos fixados.
- Levar a contabilidade, arquivo de documentación.
- Realizar xestións telefónicas e supervisar a recepción de chamadas e a notificación das mesmas ás persoas interesadas.
- Actualizar e controlar o material de oficina e docencia, así como a realización de inventarios.
- Asistir ás reunións, elaborando as actas e encargándose da documentación que se derive destas.
- Organizar o traballo de documentación e fotocopiado
- Supervisar a entrada e saída de correspondencia e documentación, a súa distribución e redacción.
- Outras relacionadas co bo funcionamento do programa e coa consecución dos obxectivos fixados.

- Modalidade, período da contratación e retribucións:

- O/a candidato/a seleccionado/a será contratado por un período de 12 meses a xornada completa (40 horas), baixo a modalidade de Tipo de contrato (Art. 14.2 da orde do 21/02/2022): Contrato para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, coa cláusula específica de interese social/emprego agrario, ao abeiro do establecido na disposición final segunda do RDL 32/2021.
- contrato de obra ou servizo determinado para a execución do Programa de emprego denominado “ÁRTABROEMPRENDE IV”.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e artigo 42 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.



- As retribucións a percibir polas persoas contratadas serán as correspondentes ao I convenio colectivo do concello de Miño, con arranxo á seguinte equivalencia:
 - Retribucións básicas: Subgrupo A1/A2 (segundo a titulación esixida para cada subgrupo)
 - Retribucións complementarias: Subgrupo A1
- Horario: de 7:00 a 15:00, de luns a venres.
- Centros de traballo/formación: Foremdes Concello de Pontedeume
- As unidades de obra realízanse no territorio dos concellos participantes no O. E. "ÁRTABROEMPRENDE IV".

- Requisitos específicos

- Idade: Ter 16 ou máis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- Titulación: Titulación universitaria de grao, licenciatura, enxeñeira técnica, diplomatura ou equivalentes.
- Requisitos lingüísticos: Estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes da finalización do prazo de presentación de instancias. A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e na Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior). Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega.
- Outros requisitos: Permiso de conducir B.

Tódolos requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias (agás a acreditación do coñecemento da lingua galega que por motivo xustificable cuxa aceptación valorará o órgano de selección poderá presentarse ata o día mesmo que se fixe para a realización da proba) e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

- Selección dos candidatos/as:

Primeiro.- O órgano de selección para a cualificación dos candidatos deberá aplicar o seguinte baremo de méritos (**máximo 45 puntos**):

a) Titulacións complementarias (ata 8 puntos)

1. Por cada enxeñeira técnica ou diplomatura distinta á mínima esixida para participar no proceso selectivo sempre que a complemente ou estea relacionada coa especialidade a impartir: 5,00 puntos.
2. Por cada licenciatura ou grao distinta á mínima esixida para participar no proceso selectivo sempre que a complemente ou estea relacionada coa especialidade a impartir: 7,00 puntos.



3. Por cada Master oficial sempre que complemente ou este relacionada coa especialidade a impartir por quen resulte seleccionado: 8,00 puntos

A titulación mínima unicamente se terá en conta para determinar a admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo, e non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

b) Experiencia profesional (ata 33 puntos)

1. Experiencia por conta allea como director/a de Obradoiro de emprego, Escolas taller ou Programa de emprego para as persoas mozas ao abeiro de convocatorias públicas: a razón de 1 punto por cada mes completo de servizos prestados a xornada completa, ata un máximo de 24 puntos.
2. Experiencia por conta allea como docente de Obradoiro de emprego, Escolas taller ou Programa de emprego para as persoas mozas ao abeiro de convocatorias públicas en grupos de cotización 1 e 2: a razón de 0,50 puntos por cada mes completo de servizos prestados a xornada completa, ata un máximo de 6,00 puntos.
3. Experiencia por conta allea ou por conta propia como director/a ou xerente de entidades ou empresas, con grupo de cotización 1 ou 2: a razón de 0,25 puntos por cada mes completo de servizos prestados a xornada completa, ata un máximo de 3,00 puntos.

Aos efectos de mes completo, calcularase o número total de días correspondentes aos períodos computables, dividirase o resultado entre trinta (30) e multiplicarase o cociente, despreziando os decimais polos puntos correspondentes.

Os períodos correspondentes á xornada parcial serán puntuados proporcionalmente.

De terse computado, o período mínimo de experiencia profesional exixida para a admisión ao proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

c) Cursos realizados (ata 1 puntos)

Valóranse os cursos relacionados coas funcións do posto:

Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,25 puntos.

Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,50 puntos.

Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 1,00 puntos.

d) Coñecementos do idioma galego (ata 3 puntos)

Por haber realizado o curso medio de linguaxe administrativo: 1,50 puntos.

Por haber realizado o curso de linguaxe administrativa de nivel superior: 3,00 puntos.

De acreditarse dous o mais cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Documentación para acreditar os méritos:



Acreditación da experiencia profesional por conta allea. Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos, nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral.

Acreditación da experiencia profesional por conta propia. Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE (actualizada). Ademais, xustificarse o traballo efectivo no período de alta na SS coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral.

